XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

ANEXO VIII

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS EDIFICACIÓNS, INSTALACIÓNS E PECHES SITUADOS NA ZONA DE SERVIDUME OU NA ZONA DE AFECCIÓN DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	**IF321H**	**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Persoa ou entidade declarante ◯ Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

◯ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

◯ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

DATOS ESPECÍFICOS DA DECLARACIÓN RESPONSABLE

CLAVE DA ESTRADA | DENOMINACIÓN DA ESTRADA | PUNTO QUILOMÉTRICO | MARXE

PROVINCIA | CONCELLO | LUGAR | REFERENCIA CATASTRAL

OBXECTO DA DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- ☐ O pintado e/ou a impermeabilización de fachadas.
- ☐ O cambio de fiestras.
- ☐ A substitución de tellados.
- ☐ Calquera outra actuación de mera conservación e mantemento de edificacións ou instalacións.
- ☐ Calquera outra actuación de mera conservación e mantemento de peches.

Descrición da actuación:

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta declaración e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que ten a condición de persoa interesada neste procedemento e/ou que exerce o seu dereito conforme a dereito.
3. Que as obras teñen a consideración de menores de conservación e mantemento de edificacións, instalacións e peches na zona de servidume e/ou afección da estrada, de conformidade co indicado no artigo 45 bis da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
4. Que as obras son de escasa complexidade e entidade técnica ou económica e non producen cambio de uso nin incremento de volume edificado por encima ou por debaixo da rasante, nin afectan a estrutura ou a cimentación das edificacións, instalacións ou peches sobre os que se actúa.
5. Que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente, dispón da documentación que así o acredita e a presentaraa cando lle sexa requirida. Entre outras, está en posesión da documentación que acredita a propiedade ou dispoñibilidade sobre as edificacións, instalacións ou peches sobre os que se efectúan as obras menores de conservación e mantemento e a súa legalidade.
6. Que as obras realizaranse na zona de servidume e/ou de afección da estrada e **non se invadirá a zona de dominio público** con elementos auxiliares, tales como andamios, guindastres ou outros (no caso contrario solicitará autorización administrativa).
7. Que coñece que pode iniciar as obras a partir dos **15 días** hábiles de presentar esta declaración.
8. Que coñece que o prazo para realizar a obra é de **1 ano** desde a presentación desta declaración.
9. Que sabe que esta declaración é independente e non exime de solicitar outras licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Ademais de non supor a asunción pola Administración de estradas de ningunha responsabilidade respecto da persoa declarante ou de terceiros.
   Así mesmo, que coñece que calquera outra obra que se pretenda realizar nas zonas de dominio público viario e de protección da estrada, incluídos os accesos, aínda que sexan complementarias da declarada, non incluídas nesta, requirirán autorización expresa do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas ou declaración responsable, segundo o caso.
10. Que durante a execución das obras:
    - Non se interromperá, dificultará ou afectará á circulación de vehículos ou peóns pola estrada, garantindo a seguridade viaria.
    - Será a conta do declarante a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ao seu remate todos os materiais sobrantes.
    - Os residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente, sen deixar ningún resto na zona de dominio público nin en ningunha zona que poida afectar a estrada.
    - Non se poderán verter á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas, de escorregas ou arrastres de terra ou de calquera outro produto ou material procedente das obras.
    - Adoptaranse as medidas oportunas para que, ao executar as obras, non se prexudique a boa drenaxe da estrada e das súas obras de fábrica.
11. Que coñece que será responsable de todos os danos e perdas ocasionados á estrada, a súa zona de influencia ou a terceiros con motivo da realización das obras.
12. Que coñece que a Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a actuación suxeita a declaración responsable cando esta produza danos no dominio público viario, por incumprimento do aquí declarado, por poñer en risco a seguridade viaria, sen que teña dereito a indemnización por esta causa. Para estes efectos, o persoal da Axencia Galega de Infraestruturas poderá realizar labores de inspección e vixilancia polo que a persoa declarante aceptará a súas indicacións, incluídas as especiais que se poidan impoñer por seguridade do tráfico.
13. Que coñece que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración titular da estrada da declaración responsable ou da documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado determinará a imposibilidade de continuar coa execución da actuación dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan. A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento anterior ao comezo da actuación correspondente, logo de tramitación dun expediente de reposición da legalidade viaria.
14. Que coñece que o incumprimento do declarado dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos títulos IV e V da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sobre protección do dominio publico viario e o réxime sancionador.
15. Que comunicará ao servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas a finalización das obras **no prazo de 15 días** desde a finalización destas, para que proceda ao seu recoñecemento nos casos en que así o considere oportuno.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Descrición detallada ou memoria explicativa da actuación que se pretende realizar, que especifique todos os datos necesarios para definir claramente a actuación, así como que permita a súa correcta localización no terreo, e que poderá tamén incluír planos, esbozos, esquemas, etc.

☐ Outros (especificar):

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da representación			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
NIF da entidade declarante	☐
NIF da entidade representante	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
Orde do 8 de xaneiro de 2020 pola que se establecen os formularios normalizados que se empregarán en determinados procedementos en materia de mobilidade, infraestruturas e augas (códigos de procedemento IF321A, IF321B, IF321C, IF321D, IF321E, IF321F, IF321G e IF321H).

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____